



COLEXIO "VALLE-INCLÁN 1"
Estrada de Xoane, 170 - 172
Teléfono: 981 33 01 40, Fax: 981 33 01 57
Correo Electrónico: cpr.valleinclan1@edu.xunta.es
15405 - FERROL

PROXECTO EDUCATIVO

Ferrol, 2015

PROXECTO EDUCATIVO

DATOS XERAIS

1. Introducción
2. Marco lexislativo
3. Estudio e análise do contorno escolar.
 - 3.1. Nome
 - 3.2. Titularidade
 - 3.3. Data de creación

- 3.4. Descrición xeral do contorno escolar
- 3.5. Estructura e elementos naturais do centro.
- 3.6. Análise socioeconómico e cultural das familias.
- 3.7. Análise do uso, competencia e opinións da lingua galega.

4. Sinais de identidade do centro.

5. Formulación xeral de obxectivos .

6. Oferta educativa do centro.

6.1 Educación Infantil

6.2 Educación Primaria

6.3 Educación Secundaria

7. Estructura organizativa

7.1. Organigrama

7.2. Órganos de goberno

7.3. Órganos de participación da comunidade escolar.

7.4. Documentación e arquivos

8. Modificacións do PEC

1. INTRODUCCIÓN

Este proxecto nace dunha demanda de renovación por parte da comunidade educativa, o modelo pretende dar unha resposta seria, fundamentada e innovadora, para iso propoñemos unha escola axustada ó marco lexislativo vixente que propicie unha nova actitude cara os valores dunha sociedade en cambio permanente, co fin de proporcionar unha educación de calidade, onde o esforzo compartido, quede reflectido na necesidade de colaboración de todos os compoñentes da comunidade. O labor do profesorado con respecto ós alumnos está baseado na responsabilidade, cunha actitude coherente exenta de toda arbitrariedade. É por iso que pensamos que a planificación docente é unha responsabilidade que axudará a mellorar a calidade educativa do noso centro.

O proxecto está planificado dunha maneira integral que abrangue aspectos tanto de recollida de información como de análise da mesma, para a súa posterior elaboración, Estamos a falar dunha planificación a medio e longo prazo, e pretendemos a participación e asunción do maior número posible de docentes ó longo das diversas partes do estudio. Para a elaboración do presente PEC teremos en conta os tres niveis de concreción e planificación, isto é:

? O primeiro nivel correspóndelle as Administracións educativas do Estado e da nosa Comunidade Autónoma a través da lexislación vixente.

? O segundo nivel correspóndelle ó propio centro e estaría formado e recollido no Proxecto de Centro integrado por:

O proxecto educativo do centro

O proxecto curricular do centro

O proxecto organizativo do centro

? O terceiro nivel sería a planificación e posta en marcha do Proxecto de Centro no facer diario dos profesores.

O presente PEC foi elaborado e revisado durante os cursos 2006-07 e 2007-08. Foi sometido a aprobación do Consello Escolar con data: 4 de xuño do 2008

Consideramos este documento aberto, xa que debe servirnos para a reflexión e será susceptible de mellora e perfeccionamento nos vindeiros cursos, adaptándose a nova lexislación que poda ir xurdindo.

2. MARCO LEXISLATIVO:

DISPOSICIÓN XERÁIS:

? Constitución española del 27 /12/78 (BOE 29/12/78)

? Lei Orgánica 1/1981 del Estatuto de Autonomía de Galicia (BOE 28/4/81)

? RD 1763/1982 do 24/7 sobre traspaso de competencias en materia educativa á CCAA de Galicia (BOE 31/7/82; DOGA 18/8/82)

? Lei Orgánica 8/1985 del 3/7 reguladora do Dereito á Educación (BOE 4/7/85)

? Lei Orgánica 9/1995 del 20/11 de la Participación, Avaliación y Gobierno de los centros docentes (BOE 21/11/95)

? Lei Orgánica 1/90 del 3/10 de Ordenación Xeneral del Sistema Educativo (BOE 4/10/90).

? Lei Orgánica 10/2002 de 23 de Decembro, de Calidade de la Educación (BOE 24/12/2002.

? Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

? Lei orgánica para a mellora da calidade educativa (LOMCE) 8/2013 de 9 de decembro.

? RD 806/2006, do 30 de xuño polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo.

EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA:

? Orde 22 de xullo de 1997 sobre organización e funcionamento dos centros de Infantil e Primaria. (DOG 02/09/97)

? Orde 5 de Abril de 1999 sobre experimentación dos proxectos de anticipación da primeira lingua estranxeira no segundo ciclo de Infantil e no primeiro ciclo de Primaria (DOG 30/04/99).

? Orde 19 de Xaneiro de 2000 pola que se amplía a do 13 de abril de 1993 sobre xornada continuada en centros de infantil e primaria (DOG 27/01/00)Real Decreto130/2007 do 28 de xuño .

? Real decreto 1513/2006, do 7 de decembro, pola que se establecen as ensinanzas mínimas de educación primaria.

? Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

? Decreto 245/1992, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Agás para os cursos 1º e 2º.

* Decreto 105/2014

SECUNDARIA:

? D. 324/1996 do 26/7: Regulamento Orgánico Secundaria DOGA 9/8/96

? O. 1/8/97: Organización e funcionamento institutos Secundaria (DOGA 2/9/97)

? Real Decreto 1631/2006 ensinanzas mínimas da ESO

? Real decreto 3473/2000 do 29 de decembro polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á ESO. Agás para os cursos 1º e 3º

? Decreto 133/2007 do 5 de xullo pola que se regulan as ensinanzas da ESO

? Orde 6/9/2007 Desenvolvemento da ESO

? Orde 21 /12/2007. Avaliación na ESO.

? Orde 30 de xullo do 2007 Programas de diversificación na ESO

? Real Decreto 732/1995 Dereitos e deberes do alumnado.

? Orde 30 de setembro de 2004 (DOG do 22 de Outubro), sobre avaliación, promoción e titulación na Educación

Secundaria obrigatoria.

* Decreto 86/2015

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

? Lei 3/1983 do 15/6 de Normalización Lingüística (DOGA 14/7/83)

? D. 247/1995 que desenvolve a Lei de Normalización Lingüística para a súa aplicación no ensino.

? D. 79/1994 do 8/4:exención da lingua galega no ensino básico e medio. (DOGA 15/4/94).

? Decreto 124/2007 do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

* Decreto 79/2010

NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

? D. 320/1996 do 26/7: Ordenación educación alumnos con n.e.e. (DOGA 6/8/96)

? O. 31/10/96:Avaliación psicopedagóxica alumnos con n.e.e. (DOGA 19/12/96)

? O. 6/10/95 Adaptacións do currículo (DOG 7/11/95)

? O. 19/5/97: Programas de diversificación Curricular (DOGA 6/6/97)

? O. 5/5/97: Programas de Garantía Social (DOGA 29/5/97)

? O. 28/10/96: Flexibilización escolaridade sobredotados

? C. 9/1999 Instrucións para a atención a diversidade na ESO

ORIENTACIÓN

? D. 120/1998 do 23/4: regula a orientación en Galicia (DOGA 27/4/96)

? O. 24/7/98: Organización e funcionamento da orientación (DOGA 31/7/98)

? Decreto 85/2007 do 12 de abril. Observatorio da convivencia escolar

3. ESTUDIO E ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR

3.1 Nome: COLEXIO VALLE-INCLÁN 1

3.2 Titularidade: Colexio Valle-Inclán 1, S.L. Privado

3.3 Data de creación: setembro 1976

3.4 Permanencia: O ensino impartirase en réxime de xornada continuada pola mañá, acudindo os alumnos de ESO unha tarde para completar o seu horario. De calquera xeito o centro permanecerá aberto tódolos días de 8:45 a 18:10.

3.5 Servizos: Transporte escolar e comedor escolar.

3.6 Financiamento: Está en réxime de concerto xeral.

3.7 Actividades extraescolares:

desenvolvemento das actividades extraescolares son levadas polo ANPA, a súa oferta e variada e vai en función das necesidades e demanda do curso en concreto. Tamén o Concello colabora en diferentes actividades extraescolares como baloncesto o natación.

Criterios das actividades extraescolares.

Nas actividades extraescolares o Director á hora de propoñelas ó Consello Escolar, e á hora de aprobalas, guíaranse polos seguintes criterios:

- a) Deberán ser actividades formativas.
- b) Deberán ser actividades non curriculares.
- c) Deberán ter un carácter voluntario.
- d) Non poden ter carácter lucrativo.
- e) Non poden ser discriminatorias.

3.8 Descrición xeral do contorno escolar:

O Colexio Valle Inclán 1 está situado na poboación de Ferrol, concello galego duns 77.000 habitantes, do noroeste de España situado a uns 52 quilómetros pola estrada de A Coruña, a capital da provincia (10 quilómetros en liña recta, cruzando a Ría de Ferrol). A zona metropolitana de Ferrol, coñecida como Ferrol Terra, abarca as bisbarras de Ferrol, Eume e Ortegá cos seus concellos de interior e da costa, todo elo constitúe unha das áreas de poboación dispersa máis poboadas de Galicia. Ferrol xunto as rías de Coruña, Betanzos e Ares conforman o golfo Ártabro. É sobre todo unha cidade eminentemente marítima, como demostran as súas actividades pesqueiras, os pasteiros, o porto ou as praias

A zona de influencia do centro pertence a un entorno semirural, o colexio atopase entre os barrios de Canido, Serantes, Santa Mariña e Catabois, aínda que ten influencia de zonas como Covas, Esmelle, San Xurxo, A Graña, Brión e A Malata.

A poboación é dun entorno semirural e tendo en conta a construción de novas vivendas no entorno máis próximo do colexio é de prever que haxa un aumento da poboación.

3.5 Estructura e elementos do centro.

O centro consta dun edificio que data do ano 1972, está constituído por edificación de tres plantas atopadas sobre unha parcela de 4.140 m², cada unha destas plantas ten acceso independente. A superficie aproximada construída é de 2530 m², distribuídas cada unha delas da seguinte forma:

PLANTA BAIXA: na planta baixa hai tres aulas de Educación Infantil, laboratorio de ciencias, aula taller, sala para recibir os pais, aula de psicomotricidade, servizos para nenos, nenas e profesores-as, dirección, secretaría, xefatura de estudos, biblioteca, departamento de orientación, aula de Informática, instalacións para Educación física e ANPA.

O primeiro andar e de 642,65 m2 / terraza 180,00 m2.

Hai seis aulas de E. Primaria e unha de PT cos seus respectivos servizos, sala de profesores e aula de usos múltiples.

SEGUNDO ANDAR

No segundo andar ubícanse as 4 aulas de E.S.O, 1 aulas para desdobre, 1 aula de música e plástica, distribuidor, aseos de nenos, nenas e profesores, biblioteca, titoría, e local de representación de alumnos .

O centro conta cun patio no que hai dúas pistas polideportivas, e un patio cuberto de 200m2.

3.6 Análise socioeconómico e cultural das familias.

Tras facer unha análise das enquisas pasadas os diferentes membros da comunidade educativa podemos concluír que as familias responden a un entorno socioeconómico e cultural medio .

No que respecta aos alumnos no Colexio Valle Inclán están matriculados rapaces e rapazas desde os 3 aos 16 anos, poderían chegar aos 18 no caso que repitan, isto suporía ter en conta diferentes niveis evolutivos, características que abarcan variables de tipo físico, sociais, cognitivas, morais etc.

3.7. Análise do uso, Competencia e opinións da lingua galega.

Por parte do alumnado a lingua máis empregada é o castelán, aínda que aumenta o uso do galego na casa, sobre todo daqueles nenos que conviven cos avós.

O noso centro e respectuoso coa lexislación vixente buscando un equilibrio entre as dúas linguas, e para contribuír á normalización lingüística do centro usarase o galego no plano administrativo e en tódalas comunicacións cos diferentes membros da comunidade educativa. Ademais no centro impartiranse todas as materias especificadas na lexislación en galego. De calquera xeito é un obxectivo ao remata-la escolaridade un correcto dominio oral e escrito das dúas linguas oficiais.

4 SINAIS DE IDENTIDADE DO CENTRO

O Colexio Valle Inclán réxese polo principio de neutralidade ideolóxica, de acordo con isto os profesionais evitarán calquera propaganda ou proxeletismo ideolóxico no centro, aínda que respectan e promoven todas aquelas ideas compatibles coa Declaración Universal de Dereitos Humanos.

O centro valora o enriquecemento que supón a diversidade acorde ós principios democráticos, de calquera xeito rexeitamos a discriminación que se poda producir por razón de sexo, capacidade económica, nivel social o relixioso, calquera tipo de discapacidade física ou psíquica.

O centro rexeita a violencia e intenta inculcar o respecto por todos os membros da comunidade escolar e procura dar recursos para aprender a solucionar os conflitos de maneira axeitada e pacífica e por todo iso que promove a tolerancia e o respecto ós demais como eixo básicos de comportamento.

Confesionalidade:

O noso centro maniféstase aconfesional e respectuoso con todas as crenzas.

Lingua de aprendizaxe. Búscase un equilibrio harmónico entre as dúas linguas axustándose ás pautas marcadas pola lexislación en materia de Normalización lingüística.

Relación familia escola. A actitude dos pais con respecto a educación impartida no centro e positiva.

Ideario:

Unha das nosas finalidades como educadores é proporcionar a todo o alumnado unha formación que favoreza todos os aspectos do seu desenvolvemento. Dentro desta formación, queremos incluír a potenciación de certos valores, que consideramos deben facerse operativos desde a escola e xa nas primeiras idades. Estes valores son:

o Respecto e tolerancia: Propiciamos a consideración dos outros, admitindo os diferentes enfoques e opinións, dentro dun clima de tolerancia, cordialidade e honestidade.

o Diversidade: Fomentamos actitudes de respecto a ?diferencia? e pretendemos salientar a igualdade de dereitos e obrigas, a non discriminación do individuo, e a aceptación das ?diferencias?, como enriquecemento persoal que estas conlevan.

o Coeducación: Procúrase unha educación para a igualdade desde a igualdade, traballando na eliminación das discriminacións contra a muller e na eliminación de mitos, tabús e diferenciación de roles entre home e muller.

o Autonomía: Pretendemos potenciar o esforzo e a responsabilidade entre os nosos alumnos, evitando o desinterese e a rutina.

o Colaboración: procuraremos transmitir o interese polo grupo e as actividades comúns; promovendo actitudes de cooperación e axuda, de forma que se facilite a participación, a comunicación e o compromiso de cada membro do grupo para acadar un obxectivo común.

o Espírito crítico: Animamos ós/as nosos alumnos/as á reflexión sobre o entorno promovendo actitudes flexibles ante outros puntos de vista. Así, tratamos de facilitar unha crítica constructiva que permita ó/á alumna/o modificar a súa actitude ante sucesos diferentes.

5. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO:

Especificamos neste apartado as Finalidades Educativas , e dicir o que queremos acadar como educadores cos alumnos tanto desde o punto de vista intelectual, como persoal e social, todo isto en relación coa comunidade educativa.

- Garantir unha formación integral dos alumnos, desenvolvendo súa personalidade.

- Adquirir coñecementos que permítanlle interpretar o entorno máis inmediato e cegar a unha comprensión global da realidade social.

- Inculcar e potenciar actitudes democráticas e solidarias, participativas e de tolerancia apreciando nun plano de igualdade a dignidade de todo ser humano, actuando a favor do diálogo, a comprensión , a xustiza, a igualdade, a paz entre todos e a conservación da natureza.

- Axudarlles a que desenvolvan as súas propias capacidades físicas, psíquicas, intelectuais, afectivas éticas e sociais, fomentando a creatividade mediante o traballo académico.

- Procurar unha aprendizaxe que estimule aprender a pensar, aprender a aprender, desenvolvendo capacidades de atención, memorización, comprensión, expresión, creatividade e valoración, buscando unha participación activa no aula, e tendo en conta os aprendizaxes previos e ás diferentes formas de aprender.

- Facer que consideren responsablemente a importancia do esforzo, do traballo, e do estudo para que poidan madurar como persoas cunha formación intelectual sensibles cos seus propios compromisos e cos compromisos sociais.

- Procurar a contextualización do aprendizaxe

- Garantir o dereito a unha avaliación do alumnado xusta, obxectiva e democrática.

- Favorecer a participación do profesorado en actividades de formación.

- Fomentar a participación activa de tódolos membros da comunidade escolar nas actividades educativas.

Tratamento das dificultades de aprendizaxe.

Séguese as seguintes accións:

a) Reforzos educativos

b) Elaboración de ACS se fose necesario.

b) Apoios dentro e fóra da aula.

c) Creación de hábitos de traballo.

d) Atención individualizada.

e) Técnicas de estudo.

f) Contacto coas familias.

g) Agrupamentos específicos.

h) Apoios dunha especialista en audición e linguaxe, máis a de pedagogía terapéutica.

6. OFERTA EDUCATIVA.

O colexio Valle Inclán ofrece as seguintes ensinanzas:

? Etapa de Educación infantil 4º, 5º, 6º de 3 a 6 anos.

? Etapa de Educación Primaria: 1º,2º,3º,4º,5º,6º de 6 a 12 anos.

? Etapa de Educación Secundaria Obrigatoria de 12 a 16.

Obxectivos xerais de Educación Infantil

Os obxectivos establecen as capacidades que os nenos e as nenas deben conseguir ao finalizar o proceso educativo, referíndose, como mínimo, a cinco grandes tipos de capacidades humanas: cognitivas ou intelectuais, psicomotrices, afectivas, de relación interpersonal e de actuación e inserción social. Para a súa mellor organización, administración, definición e axuste á realidade educativa, están estruturados en diferentes niveis, desde os máis xerais (etapas, ciclos e áreas) aos máis específicos (terminales ou didácticos).

Os obxectivos de etapa, son os que establece a Lei Orgánica de Educación, e contribuirán a desenvolver as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o corpo e o dos outros, as propias posibilidades de acción respectando as diferenzas cos seus iguais.
- b) Observar e investigar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Alcanzar progresivamente autonomía nas súas actividades da vida cotiá.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente normas básicas de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución de conflitos dun modo constructivo.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lecto-escritura e perfeccionar o movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Fins desta etapa:

1. A finalidade da educación infantil é a de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual das nenas e dos nenos.
2. Na educación infantil atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia

e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio. Ademais, facilitarase que nenas e nenos elaboren unha imaxe de si mesmos positiva e equilibrada e adquiran autonomía persoal.

3. Potenciarase a transmisión daqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica, a non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como o desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade entre homes e mulleres.

Obxectivos xerais da Educación Primaria

Os obxectivos establecen as capacidades que os alumnos e as alumnas deben conseguir ao finalizar o proceso educativo, e refírense, como mínimo, a cinco grandes tipos de capacidades humanas: cognitivas ou intelectuais, psicomotrices, afectivas, de relación interpersoal e de actuación e inserción social. Para a súa mellor organización, administración, definición e axuste á realidade educativa, están estruturados en diferentes niveis, desde os máis xerais (etapas, ciclos e áreas) aos máis específicos (terminais ou didácticos).

A partir dos obxectivos xerais da etapa, cada equipo docente ten a misión de fixar os obxectivos de ciclo, adaptándoos ás características do seu centro e do seu contorno; aínda que, verdadeiramente, o currículo se dinamiza e adquire maior relevo a través da formulación dos obxectivos terminais, por parte de cada titor ou titora na súa aula, indicando o que (feitos, conceptos e principios: compoñente conceptual), o como (procedementos, métodos, técnicas, habilidades e destrezas: compoñente procedemental) e o para que (actitudes, valores e normas: compoñente actitudinal) das capacidades que se deben adquirir e desenvolver por parte do alumnado.

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non-discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicalos a situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.
- l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.
- m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

o) Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

Obxectivos xerais da ESO

De acordo coa definición do currículo, os obxectivos son elementos esenciais deste. Aínda que cada unha das áreas que compoñen o currículo da Educación Secundaria establece os seus propios obxectivos xerais, todas as áreas curriculares teñen como marco de referencia os obxectivos xerais da etapa. Estes obxectivos identifícanse coas capacidades que os alumnos e as alumnas deben desenvolver ao longo da etapa, como resultado da acción educativa intencionalmente planificada.

Os obxectivos da ESO caracterízanse polos seguintes trazos distintivos:

- Defínense como capacidades intelectuais ou cognitivas, afectivas ou morais, motoras, de relación interpersonal e de inserción social.
- Son o referente básico para planificar a práctica docente, ao orientar a selección e a secuencia dos contidos educativos e a realización das actividades ou tarefas.
- Deben entenderse como instrumentos que guían o proceso de ensinanza-aprendizaxe, constituíndo a referencia clave para revisar e regular o currículo.
- Fan referencia a diversos tipos de aprendizaxes.
- Admiten sucesivos niveis de concreción. Así, os obxectivos xerais da etapa concréntanse nos obxectivos de área, coa intención de precisar a achega que, desde cada unha das áreas, debe facerse para contribuír ao desenvolvemento

das capacidades, definidas nos obxectivos xerais da etapa.

Os devanditos obxectivos xerais da ESO cumpren tres funcións fundamentais:

1. Definen as metas que se pretenden alcanzar.
2. Axudan a seleccionar os contidos e os medios didácticos.
3. Constitúen o referente indirecto da avaliación.

Os alumnos e as alumnas ao longo da Educación Secundaria Obrigatoria deberán alcanzar os seguintes obxectivos:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse en máis dunha lingua estranxeira de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e a sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento, aceptar o propio e o das outras persoas, aprender a coidalo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

7. Estructura organizativa

7.1 Organigrama

Recursos humanos:

O organigrama, según súa descrición ós postos de traballo correspondentes, repártense do seguinte xeito:

- 4 profesoras de Educación Infantil
- 10 profesores e profesoras de Educación Primaria
- 9 profesores de Educación Secundaria
- 2 Profesores de Primaria ESO
- 1 orientador, 1 profesora de audición e linguaxe, 1 PT

- Cada un deles coa especialidade correspondente o mesmo que a profesora de Audición e linguaxe, Profesora de pedagogía terapéutica, e orientador

O noso organigrama pretende ser unha estrutura organizativa coherente que mellore a coordinación, a participación e o compromiso entre os diferentes membros da comunidade escolar. Os órganos de goberno unipersoais e colexiados, así como as persoas encargadas de outras tarefas destacadas na estrutura organizativa, terán funcións, competencias e responsabilidades que veñen determinados polo RRI

Esta organización está orientada a facilitar a comunicación a través da:

- Celebración dos claustros necesarios para adoptar as decisións pertinentes buscando sempre o máximo consenso posible.

- As reunións entre profesorado dos diferentes niveis, para organizar o comezo de curso o seu remate e o correcto desenvolvemento do mesmo.

- A celebración das comisións de Coordinación Pedagóxica, para tratar cuestións relativas as programacións, metodoloxía, atención a diversidade, avaliación, criterios de promoción?

- A dispoñibilidade no horario semanal do profesorado dun tempo de atención ós pais.

- A comunicación ó Consello Escolar das actividades e incidencias do curso, polo menos unha vez ó trimestre.

- Cando teñamos asuntos de interese: recomendacións médicas, hixiénicas, actividades extraescolares mandáranse as oportunas circulares informativas.

7.2 Órganos de goberno

- Órganos de goberno unipersoais:

Director. Funcións:

Representar oficialmente a administración educativa no centro e ser o representante principal do centro de cara ó exterior.

Dirixir e coordinar tódalas actividades do centro, cara a consecución do presente PEC .

Visa-las certificacións e documentos oficiais do centro.

Designar o xefe de estudos e o secretario e propoñer o seu nomeamento e destitución. Nomear os coordinadores de ciclo, o coordinador de normalización lingüística e os titores , de acordo cos procedementos legais.

Colaborar coa Administración educativa en todo o relativo o logro dos obxectivos educativos do centro.

Coordina-la elaboración do PEC, PCC e PXA, recollendo as propostas dos demais membros da comunidade educativa, responsabilizándose co equipo directivo da súa realización e velando pola súa correcta aplicación.

Convocar e presidir os actos académicos, o consello escolar, o claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, a comisión económica do consello escolar ou cantas outras se constitúan de forma regulamentaria, podendo delega-la presidencia dalgunha destas comisións noutros membros do equipo directivo.

Cumprir e facer cumprir as leis e disposicións vixentes.

Exercer a xefatura de todo o persoal adscrito ó centro.

Fomentar un clima escolar que favoreza o estudo e o desenvolvemento de cantas actuacións propicien unha formación integral en coñecementos e valores dos alumnos/as.

Favorecer a convivencia no centro, resolver os conflitos e impoñer tódalas medidas disciplinarias que correspondan ós alumnos/as de acordo coas normativas vixente e de acordo co RRI do centro.

Garantir o dereito de reunión de tódolos membros da comunidade educativa.

Colaboración coa inspección educativa da función docente.

Xestiona-los medios humanos e materiais do centro, dinamizando os distintos sectores da comunidade educativa.

Promover e impulsar a colaboración coas familias, con institucións e con organismos que faciliten a relación do centro co seu contorno.

Trasladarlle ó Delegado provincial da Consellería de Educación a memoria anual sobre as actividades e situación xeral do centro, así como, no seu caso, as propostas de solución ós problemas existentes.

Promover plans de mellora da calidade do centro, así como proxectos de innovación e investigación educativa.

Impulsar procesos de avaliación interna e colaborar nas avaliacións externas.

Xefe de estudos. Funcións:

Exercer a xefatura do persoal docente en todo o relativo ó réxime académico e de orientación de profesores e alumnos, en relación co PEC, PCC e PXA.

Elaborar en colaboración co resto do equipo, os horarios académicos de alumnos e profesores de acordo cos criterios aprobados polo claustro e co horario incluído na PXA, así como velar polo seu estricto cumprimento.

Coordina-la actividade dos coordinadores de ciclo.

Coordina e orienta-la acción dos titores de acordo co PAT.

Coordina-la participación do profesorado nas actividades de perfeccionamento, así como planificar e organiza-las actividades de formación do profesorado no centro.

Coordina-la actividade docente no centro, sobre todo polo que se refire ós procesos de avaliación, adaptación curricular e actividades de reforzo ou ampliación.

Facilita-la organización dos alumnos e impulsa-la súa participación.

Establece-los mecanismo para corrixir ausencias imprevistas do profesorado, atención a alumnos accidentados ou calquera eventualidade que incida no normal funcionamento do centro.

Organiza-la atención ós alumnos nos períodos de lecer.

Secretario. Funcións:

Ordena-lo réxime administrativo do centro, de conformidade coas directrices do director.

Actuar como secretario/a dos órganos colexiados de goberno do centro, levantar acta das sesións e dar fe dos acordos co visto e prace do director.

Custodia-los libros e arquivos do centro coa colaboración dos coordinadores de ciclo e dos xefes de departamento.

Expedi-las certificacións que soliciten as autoridades e os interesados.

Realiza-lo inventario xeral do centro e telo actualizado.

Custodia-lo material didáctico, medios audiovisuais, mobiliario e dispoñela súa utilización.

Coordinar, dirixir e supervisar a actividade e funcionamento do persoal de administración e servicios.

Dar a coñecer a toda a comunidade educativa a información sobre normativa, disposicións legais e asuntos de interese xeral ou profesional que se reciba no centro.

Presidir, por delegación do director, a comisión de coordinación pedagóxica.

- Órganos colexiados:

Consello escolar.

Coas atribucións seguintes:

- Elaborar propostas para a elaboración do PEC, aprobalo, avalialo e se é o caso, introducir modificacións.
- Participar no proceso de admisión de alumnos e velar para que se realice de acordo ó establecido na normativa vixente.
- Aprobar e modificar o RRI.
- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar por que estas se atean á normativa vixente.
- Establecer as directrices para a participación do centro en actividades culturais, deportivas e recreativas.
- Promover a conservación e renovación das instalacións e equipamento do centro.
- Analizar e valora-lo funcionamento xeral do centro e a evolución do rendemento escolar e os resultados da avaliación que do centro realice a Administración educativa.
- Elaborar informes, a petición da Administración, sobre o funcionamento do centro e sobre aqueles outros aspectos relacionados coa actividade do mesmo.
- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.

- Ser informado sobre o nomeamento e cese do equipo directivo.

? Claustro de profesores:

- Formular ao equipo directivo propostas para a elaboración da programación xeral anual, así como avaliala súa aplicación.

- Formular propostas ó Consello Escolar para a elaboración do Proxecto educativo e informar, antes da súa aprobación, dos aspectos relativos a organización.

- Seleccionar seus representantes no Consello Escolar.

- Fixar e coordinar os criterios de avaliación dos alumnos.

- Coordinar as funcións de orientación educativa e acción tutorial dos alumnos.

- Promover iniciativas no ámbito da investigación e innovación educativa.

- Órganos de coordinación docente:

Equipos de ciclo (Educación Infantil y Educación Primaria)

- Agrupan a tódolos mestres que impartan docencia no mesmo grupo. E un órgano básico de organización e desenvolvemento da ensinanza en educación infantil e educación primaria, actúa baixo a supervisión do xefe de estudos. Cada equipo é dirixido por un coordinador, elixido por dous cursos e designado polo director, oído o equipo de ciclo. Deben ser profesores do ciclo. Son funcións do equipo de ciclo:

- Formular propostas ó equipo directivo sobre o PEC e a PXA.

- Formular propostas a CCP relativas a elaboración dos proxectos curriculares de etapa e a súa modificación.

- Manter actualizada a metodoloxía didáctica.

- Elaborar a programación didáctica das ensinanzas do ciclo, seguindo as directrices marcadas pola CCP.

- Promover a investigación educativa e propoñerlle ó xefe de estudos as actividades de perfeccionamento do profesorado.

- Propoñer os criterios de promoción de ciclo.

- Aprobar o calendario, plan de reunións e programa de actividades do ciclo.

- Establecer as coordinacións necesarias entre os titores, e o resto do profesorado e as familias.

- Realizar as adaptacións curriculares necesarias para os alumnos alumnas co asesoramento do equipo de orientación.

Departamentos didácticos

- (Educación Secundaria Obrigatoria) A organización na Educación Secundaria Obrigatoria xira en torno ós departamentos didácticos que organizan e desenvolven as ensinanzas propias das áreas. Cada departamento está composto por tódolos profesores que impartan o ensino da correspondente área asignada ó mesmo. Dado que o noso centro e dunha soa liña atopámonos con departamentos de carácter unipersoal.

- Tódolos departamentos teñen as seguintes funcións:

- Formular propostas ó equipo directivo e ó claustro para a elaboración do PEC e da PXA.

- Formular proposta a CCP para a elaboración do PCC.

- Elaborar antes do comezo de curso a programación didáctica das ensinanzas correspondentes.

- Propoñer o xefe de estudos actividades de perfeccionamento.

- Manter actualizada a metodoloxía didáctica.

- Colaborar co Departamento de Orientación na prevención e detección temperá de problemas de aprendizaxe, así como na programación e aplicación de adaptacións curriculares, actividades de reforzo, ampliación e actividades de recuperación para os alumnos que o precisen.

- Organizar e realizar actividades complementarias en colaboración co equipo de actividades complementarias.

- Resolver as reclamacións sobre o proceso de avaliación.

- Elaborar unha memoria final na que se avalíe o desenvolvemento da programación e os resultados obtidos.

Comisión de coordinación Pedagóxica

A súa composición é a seguinte:

? director, que actúa como presidente.

? xefe de estudio.

? A xefe do departamento de Orientación

? Os coordinadores dos equipos de ciclo

? Os xefes de departamento

? Os profesores de apoio

? coordinador/a de normalización lingüística.

A secretaria élle asignada a un membro da comisión nomeado polo director oídos os restantes membros.

As funcións da comisión son as seguintes:

- Elevar propostas o claustro co fin de establecer os criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.

- Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa e o plan de acción titoría se realice conforme ós criterios establecidos polo claustro.

- Asegura-la coherencia entre o PEC, os proxectos curriculares de etapa e a PXA.
- Establece-las directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas , do plan de acción tiorial, do plan de orientación académica e profesional, e das adaptacións curriculares.
- Propoñer o claustro de profesores os proxector curriculares para a súa aprobación e velar polo seu cumprimento e posterior avaliación.
- Propoñer o claustro a planificación xeral das sesións de avaliación e o calendario de exames e probas extraordinarias, de acordo coa xefatura de estudos.
- Propoñerlle ó director os profesores titores que han de formar parte do departamento de orientación.
- Realizar, se é o caso, a proposta ós xefes de estudos co fin de que designe o responsable do equipo de actividades complementarias e extraescolares.
- Propoñe-los profesores que han de formar parte do equipo de normalización lingüística.
- E preceptiva unha reunión mensual, máis as reunións extraordinarias de comezo e remate de curso.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Está composto polos seguintes membros:

1. A xefe do departamento (profesora de ensino Secundario da especialidade de psicoloxía e pedagogía.
2. A profesora de Pedagogía terapéutica.
3. A profesora de audición e de linguaxe.
4. Cada un dos titores dos 4 cursos da ESO.
5. Os coordinadores de ciclo.

As súas funcións son:

- Valora-las necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos do seu contorno e deseñar,

desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.

- Elaborar, de acordo coas directrices da CCP, o plan de orientación académica, o PAT, ofrecéndolle ó profesorado o asesoramento técnico para o desenvolvemento destes plans.

- Participar na elaboración, seguimento e avaliación do PEC e do PCC, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagógico para a atención ó alumnado con NEE e nos principios de avaliación formativa, así como a adecuación dos criterios de promoción.

- Diseñar accións encamiñadas á atención temperá.

- Participar na avaliación psicopedagóxica conforme á normativa ó respecto, e participar no deseño e aplicación de medidas de atención a diversidade.

- Facilitarlle ó alumno o apoio e asesoramento necesarios para adquirir unha serie de habilidades básicas nos momentos de ingreso o centro, cambio de etapa, elección de itinerarios, transición á vida profesional e resolución de conflitos entre eles.

- Impulsa-la participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de habilidades sociais, técnicas de dinámicas de grupo, etc.

- Promove-la cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos, especialmente no relativo a motivación: a construción do autoconcepto e da autoestima e no proceso de toma de decisións.

- Favorece-lo proceso de maduración vocacional orientando e asesorando ó alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais así como as ofertas do seu contorno que lle faciliten elixir responsablemente.

- Asesora-la comisión de coordinación pedagóxica nos aspectos psicopedagóxicos do proxecto curricular.

- Realiza-la avaliación psicolóxica e pedagóxica necesaria previa á incorporación ós programas de Garantía Social.

- Participar na elaboración do consello orientador que, sobre o futuro académico e profesional do alumnado poida formularse ó remate da educación secundaria obrigatoria.

- Establecer canles de comunicación cos diferentes servicios ou institucións no ámbito das súas competencias.

- Cooperar cos membros dos Equipos de Orientación Específicos.

A xefe de departamento terá as seguintes funcións:

- Dirixir e coordina-las actividades e actuacións propias do departamento.

- Responsabilizarse da redacción do plan de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elabora-la memoria final de curso.

- Participar na elaboración do PEC e do PCC, representando ó departamento na CCP.

- Convocar e presidir as reunións de Departamento.

- Velar pola confidencialidade dos documentos, se é o caso.

- Coordina-la organización de espazos e instalacións para a orientación a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu correcto e conservación.

- Realiza-las avaliacións psicopedagóxicas, se é o caso, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade.

- Cooperar cos membros dos EOE

- Coordinar, en colaboración co profesor ou profesora de apoio, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais, elevándolle ós xefes de estudos, cando cumpra a proposta de organización da docencia para este alumno.

- As profesoras de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe que forman parte do departamento, ademais da atención docente directa que lles corresponda prestar ós alumnos/as en función das súas necesidades, desenvolverán as seguintes funcións:

- Coordinar en colaboración co xefe de estudos, as cuestións relacionadas coa educación e a estadia no centro dos alumnos e alumnas con algún tipo de minusvalía.

- Colaborar coa comisión de coordinación pedagóxica na elaboración do plan de actuación respecto a alumnos con NEE.

- Orienta-lo profesorado que lles imparta docencia ós alumnos/as con NEE, así como a eles mesmos e ós pais sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.

- Colaborar co profesor titor e co resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e a avaliación delas.

* Comisión de Coordinación de Avaliación de Diagnóstico.

Constitúese coa finalidade de controlar o proceso de avaliación de diagnóstico que se levará a cabo durante o mes de maio cos alumnos que este curso están escolarizados en 4º de Primaria e 2º de ESO.

As súas funcións serán as establecidas no artigo 5.2º da Orde do 16 de febreiro de 2009 pola que se regula o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico na Comunidade Autónoma de Galicia..

Está formada por:

Presidente: director/a

Xefe de Estudos

Xefa de Departamento de Orientación

Titor/a de 4º de Primaria

Titor/a de 2º de ESO

A data na que queda constituída esta comisión é a de 21 de Setembro de 2012.

A partir do curso 2014/15, esta comisión adaptarase á LOMCE e terá como función a de controlar o desenvolvemento das novas probas que establece a Lei.

* Observatorio da Convivencia

Data de constitución: 29/11/2007

Compoñentes:

directora

Xefe de Estudios

Orientadora

Un profesor/a

Un/unha pai/nai

Un /unha alumno/a

Un personal non docente

O observatorio da convivencia permítenos reflexionar sobre o estado da convivencia no no Centro, identificando aqueles factores de risco ou conflitos que xurdan na vida diaria para deste xeiro poder deseñar estratexias que se deberán adoptar para deste xeito deseñar estratexias que se deberán adoptar pra o fomento da cultura da paz e a mellora do clima de convivencia escolar.

7.3 Órganos de participación da Comunidade Escolar:

ANPA (Asociación de Nais e Pais do Alumnado). Entre outras cousas encargarse do desenvolvemento das actividades extraescolares.

A Comisión de Convivencia: Resolverá os problemas de disciplina leve do centro.

Está composta por:

? O/A Director/a.

? Un/unha Xefe de Estudios.

? O/A titor/a.

? Un/unha profesor/a (orientador/a)

? Un pai/nai.

? Un Delegado/a.

? O/A secretario/a.

ORGANIZACIÓN DE ALUMNOS

Un Delegado e un Subdelegado por cada curso.

Os alumnos, en cada clase, elixen, un Delegado e un Subdelegado de clase. Os Delegados e Subdelegados da Secundaria presentan ao xefe de estudos unha avaliación da súa clase nos seus distintos aspectos, agás no de cualificacións.

Os delegados e Subdelegados forman a Xunta de delegados que se reúnen unha vez por trimestre para tratar actividades e aspectos de disciplina e funcionamento.

Tamén hai dous alumnos da E.S.O. que forman parte do Consello Escolar do Centro.

7.4 Documentación e arquivos

7.4/1 A ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA E OS DOCUMENTOS CORRESPONDENTES

O funcionamento do centro redúcese, ao final, a levar a cabo unha boa práctica docente, para conseguir transmitir aos alumnos, do mellor xeito posible, unha serie de coñecementos. Ata o de agora todo o relacionado cos aspectos didácticos da vida do centro describíase no chamado Proxecto Curricular de Centro (PCC). A LOE e a LOMCE introdúceno no Proxecto Educativo (PE) e denomínoa Concreción Curricular, e como tal se reflicte neste apartado. Tal como se pode deducir do nome, trátase de adaptar os currículos oficiais (actualmente en vigor o Decreto 330/2009 en infantil, o Decreto 105/2014 en primaria , e o Decreto 86/2015 en secundaria obrigatoria) á realidade educativa do centro. Este proceso remata nas programacións didácticas de ciclo ou departamento, que se teñen que elaborar antes de que empece o curso académico. Pero tamén existen outros documentos que complementan a organización pedagóxica do centro, que queda regulada entón co seguinte conxunto:

A/ Concreción Curricular.

? Programacións didácticas.

? Educación en valores.

? Avaliación de competencias.

? Avaliacións externas.

? Criterios de promoción e titulación.

B/ Plan de Orientación académica e profesional.

C/ Plan de atención á diversidade.

D/ Plan de acción tutorial.

E/ Proxecto lector.

F/ Proxecto TIC.

G/ Proxecto lingüístico

H/ Período de adaptación en infantil.

7.4/2 A ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE DIARIA E OS DOCUMENTOS CORRESPONDENTES

A actividade cotiá do centro leva aparelladas unha serie de circunstancias moi concretas que necesitan ser reguladas para o seu correcto desenvolvemento. O documento no que mellor se reflicte esta estrutura organizativa denomínase actualmente ?Normas de Organización e Funcionamento?, pero ata o de agora era coñecido como Regulamento de Réxime Interior (RRI). O Plan de Convivencia, que basea moitos dos seus puntos no anterior documento, tamén se inclúe neste apartado por entendermos que tamén contribúe de xeito importante a regular a vida no centro no día a día.

? Normas de Organización e Funcionamento

? Plan de Convivencia

Ambos textos concretan os aspectos xerais que se describen na Lei de convivencia e participación da comunidade educativa, de inminente publicación, e son os documentos de referencia no traballo do observatorio de convivencia do centro e a eles terase que remitir á hora de analizar as situacións contrarias á mesma.

7.4/3 OUTROS DOCUMENTOS DE INTERESE NA ORGANIZACIÓN DO CENTRO

* Plan de autoprotección

Asemade, mencionar que existen 2 documentos que se teñen que elaborar cada ano, que actualizan as liñas xerais descritas no PE e as aplican ás circunstancias concretas de cada curso académico. Son:

? Programación Xeral Anual (PXA). Constitúe un documento no se concretan as circunstancias propias de cada curso académico, tanto docentes como organizativas. Consta de varios capítulos que engloban á súa vez diversos documentos e que son enviados á inspección educativa en sucesivos prazos, tal como establece a Orde do 3 de outubro de 2000, que desenvolve o Decreto 7/1999 . Supón un complemento importante ao PE, pois a PXA é un documento máis inmediato e flexible que permite incluír as actualizacións máis urxentes do PE, para non ter que variar este continuamente.

? Memoria Anual. Denomínase así o documento no que se resumen as actividades desenvolvidas no centro durante todo o curso, cunha análise do grao de cumprimento dos obxectivos marcados na PXA. Envíase a inspección ao rematar as actividades lectivas e despois de ser aprobado en claustro e consello escolar.

Estes documentos atoparanse en formato físico ou dixital na xefatura de estudos do Centro, a disposición de todos/as os/as pais/nais que queiran consultalos.

7.4/4 De acordo co disposto no D. 324/1996 do 26 de xullo (DOG 9/8/96) , na fachada principal do Centro figurará, en lugar visible, un letreiro onde consta a denominación específica, do centro. CPR VALLE INCLÁN 1 CONSELLERIA DE EDUCACIÓN.

En toda a documentación de carácter oficial que expide o Centro figura o logotipo e o nome do Centro, enderezo, teléfono, Fax e correo electrónico.

.A documentación de carácter administrativo e pedagóxico que se encontrará na secretaría do Centro é a seguinte:

? Expedientes individuais dos alumnos/as.

* Historiais académicos

? Libro de rexistro de matrícula.

? Libro rexistro de libros de escolaridade.

* Libro rexistro de Historiais académicos

? Libro de actas do Consello Escolar.

? Libro de actas do Claustro de profesores.

? Libros de contabilidade.

? Libros de rexistro da correspondencia oficial: entradas/saídas.

? Arquivo de facturas.

? Libro rexistro de recollida de libros de escolaridade.

? Arquivo de traslados de expedientes académicos dos alumnos/as.

? Actas da avaliación parciais e finais.

a href="http://www.edu.xunta.es/portal/guiadalomce">NORMATIVA EDUCATIVA NA QUE SE BASEA ESTE PROXECTO/a>